

A XERACIÓN NÓS

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

Unha iniciativa de



co apoio de



Baixo esta denominación, mais tamén coa de “Época Nós” ou “Grupo Nós”, entre outras, incluimos un grupo de autores que, aglutinados arredor da revista *Nós*, constrúen un dos proxectos culturais colectivos máis singulares non só da Galiza de preguerra, senón de toda a historia da literatura galega.

Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), Antonio Lousada Diéguez (Moldes-Boborás, 1884 - Pontevedra, 1929) ou Florentino L. Cuevillas (Ourense, 1896 - 1958) son algúns dos nomes máis relevantes que se adoitan incluír baixo esta etiqueta; tamén debemos citar a Afonso Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), aínda que posúa características parcialmente diferentes a respecto dos anteriores. Activos dinamizadores culturais e creadores literarios, ao tempo que protagonistas da acción política (participan na creación do Partido Galeguista, son deputados nas Cortes republicanas e publican textos de carácter teórico sobre o nacionalismo), desempeñaron un papel central na vida cultural e política galega entre 1920 e 1936.

Todos eles participaron activamente nas *Irmandades da Fala*, o proxecto cultural e político que, a partir de 1916, supuxo a aparición, por primeira vez na historia literaria contemporánea da Galiza, dun núcleo vertebrador, tanto da actividade de dinamización cultural (creación de editoriais, xornais, institucións e premios literarios...), como do labor directamente político (coa formulación teórica do nacionalismo moderno).

O Grupo Nós e a súa decisiva influencia no mundo cultural galego

Para alén do papel fundamental da revista *Nós* á hora de dar nome ao grupo, é ben certo que este termo ten unha ampla presenza na vida cultural galega daquel tempo, pois aparece repetidamente utilizada como título en libros (*Álbum Nós* de Castelao, 1916-1918), artigos (“Nós, os inadaptados”), suplementos literarios (do xornal coruñés *El Noroeste*) ou, tamén, como nome da editorial, dirixida por Ánxel Casal, en que apareceron os libros fundamentais desta época. Deste modo, *Nós* foi adquirindo de máis a máis un valor simbólico importante, ao representar de modo sintético o espírito de autoafirmación colectiva que caracterizou o labor dos autores desta etapa. Isto foi, ao final, o que acabou por asentar esta denominación xa non só para ser aplicada ao grupo central de autores que protagonizan esta liña de acción, senón como paradigma de todo o labor literario dese tempo.

Con todo, o trazo que nos permite singularizar o grupo Nós e explicar a decisiva influencia que tivo sobre o mundo cultural galego foi a súa aposta decidida pola elaboración dun discurso artístico esencialmente culto, refinado e moderno, en diálogo directo coas correntes estéticas innovadoras que naquel momento circulaban por Europa.

Esa combinación de nacionalismo e universalismo, de respecto pola tradición e apertura á innovación, de esteticismo e compromiso ideolóxico, vai dar como resultado unha amplísima produción nos máis variados xéneros (narrativa, relato breve, teatro, ensaio, deseño...), caracterizada, sobre todo, polo rigor formal e a orixinalidade. Eles van ampliar temáticas, introducir xéneros ou tratar certos

aspectos presentes na nosa tradición (populares, tema da natureza e a paisaxe...) cunha linguaxe nova, claramente influída polas correntes estéticas (simbolismo, expresionismo...) de moda na Europa daquel tempo. Porén, a contribución máis relevante deste grupo de escritores ten que ver co esforzo, consciente e sostido, que dedicaron ao cultivo da prosa nun contexto literario en que até o momento só destacara a poesía. Eles foron os creadores da moderna prosa galega, tanto no campo da ficción como no do ensaio, e son as obras pertencentes a estes xéneros as que mellor reflicten as claves ideolóxicas destes autores.

O seu traballo supón, pois, unha renovación radical do panorama literario galego de principios do século XX, o que os vai dotar dun prestixio indiscutíbel aos ollos dos seus contemporáneos. Este enorme prestixio e, tamén, o carisma que sen dúbida tiñan algúns deles, explican a atracción que os seus proxectos culturais exerceron, tanto sobre os escritores máis vellos como sobre os novos, de modo que moitas das iniciativas propiciadas polos membros do Grupo Nós acabaron por abranguer a práctica totalidade do universo literario galego de preguerra.

A revista *Nós*

Entre estas iniciativas cómpre subliñar a da revista *Nós*, creada e editada por eles desde 1920 até 1935, con Risco como director literario e Castelao como director artístico. A revista insírese dentro do proxecto de modernización e europeización da cultura galega que o grupo proclama e, así, combina dunha maneira novidosa tradición e innovación. Por unha parte, *Nós* é unha revista científico-literaria que concede especial atención ás áreas de literatura, etnografía, folclore, arte e arqueoloxía, coa finalidade de reforzar o coñecemento da nosa produción cultural (daqueles elementos que nos singularizan como pobo) e para crear unha conciencia do valor do propio; por outra, en *Nós* podemos atopar traducións de filósofos alemáns, informacións sobre recentes novidades literarias europeas ou, mesmo, versións de textos estranxeiros (por exemplo, Otero Pedrayo publica a tradución dun fragmento do *Ulisses* de Joyce, a primeira que se realizou no Estado Español).

O Seminario de Estudos Galegos

Outra iniciativa de grande transcendencia foi a constitución e posta en marcha, en 1923, do *Seminario de Estudos Galegos*, institución creada para a formación dos investigadores e para o estudo científico da realidade galega; estaba dividida en seccións (Pedagogía, Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, Xeografía e Historia, Etnografía...) das que eran responsábeis os máis significados colaboradores da revista *Nós*. Para alén do seu interese desde un punto de vista exclusivamente científico, hai outro aspecto de enorme importancia, pois coa publicación dos traballos do Seminario a lingua galega comezou a ser utilizada como medio de expresión da prosa científica, un paso máis na consolidación do modelo de lingua culta e na ampliación de ámbitos de uso do idioma galego que estes autores procuraban. Por último, o Seminario serviu para integrar no labor investigador unha parte da mocidade universitaria que, pouco a pouco, se había de introducir, tamén, no resto das actividades culturais e sociais de *Nós*.

Autores máis relevantes

Por último, realizaremos unha breve introdución á análise da personalidade e da obra dos outros autores máis relevantes do grupo:

Vicente Risco (Ourense, 1884-1963)

Intelectual de complexa e controvertida personalidade, Risco é, sen dúbida, un dos protagonistas da vida cultural galega durante o período de preguerra; de feito, pódese afirmar que é o ideólogo fundamental deste grupo até que a polarización ideolóxica da última etapa da República poña de relevo, de máis a máis, as súas discrepancias políticas co groso do movemento galeguista.

Formado, como a maior parte dos seus compañeiros, no individualismo e no elitismo intelectual (a súa máxima é “ser diferente é ser existente”), no irracionalismo e na crítica da ciencia, vai ser quen analice o proceso de conversión ao galeguismo do seu grupo no ensaio *Nós, os inadaptados* (1933), un texto que é o axeitado complemento para a novela *Arredor de si* (1930) de Otero Pedrayo.

Foi xa desde a súa incorporación ás Irmandades da Fala en 1918 e, por tanto, ao movemento nacionalista, que Risco asume un papel destacado en todas as iniciativas políticas ou culturais organizadas na altura. Publica activamente na prensa da época (algúns dos seus artigos aparecerán recollidos despois, en *Teoría do Nacionalismo galego*, 1920) ou, sobre todo, na revista *Nós*, da que el é fundador e director e onde van ver a luz a maior parte dos seus ensaios sobre arte, estética, crítica literaria, viaxes ou etnografía. É tamén en *Nós* onde publica como artigos grande parte do que, posteriormente, vai ser *Mitteleuropa* (1934), libro que recolle as reflexións que suscitan nel as experiencias vividas durante a súa viaxe de estudos por Alemaña, Praga e Viena en 1930.

A etnografía configúrase como o núcleo do seu labor investigador e, así, convértese no iniciador na Galiza dos estudos científicos sobre literatura, mitoloxía ou tradicións populares. Dirixe desde o seu inicio a sección de Etnografía e Folclore do Seminario de Estudos Galegos onde publica diversos traballos, como a biografía de *Murguía* (1933), ou participa en volumes colectivos como *Terra de Melide* (1933).

Como narrador, Risco é autor dunha serie de relatos: *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros* (1919), *A velliña vella* (1924), *O lobo da xente* (1925), *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925), *A Coutada* (1926); dunha noveliña inacabada: *Os europeos en Abrantes* (1927), dun texto a cabalo entre o relato e o ensaio, *Dedalus en Compostela* (1930) e, sobre todo, dunha novela satírica, *O porco de pé* (1928), considerada como unha das máis innovadoras do panorama literario daquel entón.

É autor tamén dunha peza teatral, *O bufón de El-Rei* (1928), de marcado carácter simbolista.

Após a Guerra Civil, afástase das ideas e do mundo cultural en que participou e abandona o uso da lingua galega. Nese tempo publica a novela *La puerta de paja* (1953) ou diversos ensaios como *Historia de los judíos desde la destrucción del templo* (1944), *Orden y Caos. Exégesis de los mitos* (1968), *Satanás. Biografía del diablo* (1947-1952), etc. Estes títulos amosan, máis unha vez, a complexidade ideolóxica e a enorme curiosidade intelectual que Risco mantivo até o final dos seus días.

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976)

Ramón Otero Pedrayo, prolífico autor (narrador, ensaísta, dramaturgo...), orador e político de prestixio (foi deputado nas Cortes Constituíntes, entre 1931-33, na etapa da Segunda República española), pode ser considerado, con toda a xustiza, como o creador da novela galega tanto pola cantidade como pola relevancia da súa produción no contexto da literatura galega.

Desde 1925 até 1936, desenvolve a primeira etapa da súa actividade, aquela verdadeiramente creativa e plena que, incardinada no proceso ideolóxico que lle deu orixe, é a que presenta un diálogo real co público a quen ía dirixida. A súa produción narrativa nesta época está composta por unha serie de novelas breves *Pantelas, home libre* (1925), *O purgatorio de don Ramiro* (1926), *Escrito na néboa* (1927), *Vidas non paralelas* (1930), un volume de relatos *Contos do camiño e da rúa* (1932) e as novelas *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de si* (1930), *A Romeiría de Gelmírez* (1934), *Fra Vernerio* (1934), *Devalar* (1935) e *O mesón dos ermos* (1936).

Os textos aparecidos despois da Guerra Civil, aínda que, no referente ao estilo, continuístas en relación coa obra publicada antes de 1936, carecen en moitos casos da tensión ideolóxica daqueles; ao tempo, existiron numerosos condicionantes (censura e represión políticas, desaparición de plataformas culturais e editoriais, restricións temáticas, etc) que limitaron en grande medida a evolución do escritor.

Estas mesmas circunstancias estorbaron a escolla lingüística do autor; así, Otero, que era un escritor monolingüe en galego, vese obrigado a publicar en español, aínda que retoma o uso público da lingua de Rosalía en canto o réxime franquista o permite. Nesta etapa publica en Bos Aires *Las Palmas del Convento* (1941) e *Adolescencia* (1944) e, xa na Galiza, *La vocación de Adrián Silva* (1949). Despois aparecerán en galego o libro de relatos *Entre a vendima e a castañeira* (1957), a novela *O señorito da Reboraina* (1960) e, por último, o relato *O Maroutallo* (1974).

Grande erudito e polígrafo, Otero publicou numerosos traballos ensaísticos que van desde os de corte académico ou de investigación, fundamentalmente sobre xeografía, historia ou arte, até o ensaio cultural, en sentido amplo, onde podemos atopar libros en que se relatan viaxes, como *Pelerinaxes* (1929) ou *Por os Vieiros da Saudade* (1952); libros de descrições biográficas como *O libro dos amigos* (1953) ou outros de difícil clasificación como *O espello na serán* (1966), exemplo de prosa lírica e evocativa. Por último, é obrigado mencionar unha das obras esenciais deste autor, o *Ensayo histórico sobre la Cultura gallega* (1933), obra na que explicita a súa interpretación da identidade de Galicia e que tivo unha enorme influencia entre a intelectualidade galega desde o momento da súa publicación.

Otero é, así mesmo, un dramaturgo cunha obra de notábel interese, durante moitos anos infravalorada, mais revisada nas últimas décadas pola crítica que puxo de relevo a súa modernidade, liberdade e carácter experimental. As súas obras son: *A Lagarada* (1929), *Teatro de Máscaras* (1934), *O desengano do Prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilogal e xusticieiro dos féretros de Floravia* (1952), *Traxicomedia da Noite dos Santos* (1960), *Noite Compostelá* (1973). Foron editados postumamente, *O fidalgo e a noite* (1979) e *Rosalía* (1985).

A produción poética oteriana, que se compón dun libro *Bocarribeira. Poemas para ler e queimar* (1958), e outros textos dispersos en diversas publicacións, aínda que interesante, debe ser considerada marxinal no conxunto da súa obra.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886- Bos Aires, 1950)

Castelao non só desenvolveu un papel central na historia da Galiza na primeira metade do século XX, senón que a súa figura adquiriu desde moi cedo un valor simbólico importantísimo; tanto é así que hoxe, xunto con Rosalía de Castro, é un dos nosos símbolos nacionais e, con certeza, o referente de maior contido político.

Ao igual que os outros autores de que se falou, combinou o labor de dinamización cultural e o propiamente artístico, co traballo político. Así, foi deputado nas Cortes Constituíntes (1931-33), sofre desterro en Badaxoz (1934) e participa activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía. Xustamente, o levantamento militar de 1936 sorpréndeo en Madrid presentando os resultados do plebiscito do Estatuto; xa non regresará á terra e, desde ese momento até a súa morte no exilio, Castelao vai consagrar a súa actividade como artista e como político á defensa da legalidade republicana e dos intereses da Galiza. En concreto, participa no goberno Giral, preside o Consello de Galiza, funda xunto con vascos e cataláns o proxecto Galeuzka, colabora con todo tipo de actividades dos emigrantes na América..., en resumo, convértese na referencia visíbel da resistencia nacionalista e republicana galega no exilio.

Á hora de falarmos da produción deste autor é fundamental ter en conta que estamos diante dun artista plástico (debuxante, pintor, caricaturista, cartelista, ilustrador...) que logrou en vida unha enorme popularidade. A súa obra conxuga un discurso crítico, comprometido coa denuncia das inxustizas, o caciquismo, a explotación, a emigración... cunha grande capacidade de estilización e esixencia estética (ligada á vontade de renovación desde presupostos modernistas e expresionistas). Podemos citar, o Álbum *Nós* (1918), as viñetas que sob o título xenérico de *Cousas da vida* foron aparecendo en diversos xornais da época ou, tamén, *Cincuenta homes por dez réas* (1930), así como os álbums da guerra: *Atila en Galicia* (1937), *Galicia mártir* (1937) e *Milicianos* (1938) e mais os *Debuxos de negros*, realizados xa no exilio americano.

Na súa obra literaria pódense achar numerosos trazos comúns coa obra plástica, entre eles o sincretismo, a capacidade de contención discursiva, a literaturización e estilización do elemento popular e mais a vontade de compromiso coa terra e as clases populares. Estes trazos resultan especialmente visíbeis na súa obra narrativa máis relevante, *Cousas* (1926/1929/1934), pequenas pezas que crean un xénero orixinal, caracterizado pola integración de texto e imaxe, mais tamén se poden atopar noutras obras de ficción: *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934).

A integración de plástica e palabra, de elementos de tipo popular con outros procedentes das vangardas artísticas exemplifícase, tamén, na súa obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en Bos Aires en 1941.

Para alén disto, Castelao participa da preocupación xeral da súa xeración pola reflexión teórica. Neste sentido, publica artigos e ensaios sobre arte ou etnografía (algúns deles, mais outra vez, a medio camiño entre a consideración como produción plástica ou ensaística): *Diario 1921, As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1934). Con todo, neste ámbito, a súa achega fundamental é *Sempre en Galiza* (1944), libro que recolle o seu pensamento político

e que, para alén dun interesante documento histórico sobre os anos da guerra civil e a primeira etapa do goberno republicano no exilio, é un compendio da teoría política nacionalista.